

PC 05

## **INFORMACIÓN SOBRE O SERVIZO DE ENVÍO DE MENSAXES A MÓBILES E CORREOS ELECTRÓNICOS**

O IES Calvo Sotelo dispón dos servizos gratuítos para envío de mensaxes a móbiles e correos electrónicos, que permiten dispor aos membros da comunidade educativa de información académica dunha forma inmediata, áxil e fiable, facilitando con iso a toma de decisións para a mellora do sistema educativo.

Con este sistema preténdese informar a pais, nais, alumnos e alumnas de:

- + Control de faltas de asistencia e puntualidade.
- + Seguimento de procedementos administrativos iniciados.
- + Avisos e recomendacións que se consideren de interese.

Para ter acceso a estes servizos é necesario que os responsables do alumnado menor de idade ou os alumnos/as maiores de idade, nos dean a súa autorización.

Para iso deben de cubrir a folla que se adxunta e facerlla chegar ao titor/a do Centro.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, os titulares dos datos teñen recoñecidos e poderán exercer gratuitamente os dereitos de acceso, cancelación e rectificación, mediante escrito dirixido ao Director do Centro.

PC 05

**EXERCICIO DO DEREITO DE CANCELACIÓN SOBRE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL QUE OBRAN EN PODER DO IES CALVO SOTELO**

**Petición de supresión de datos persoais obxecto de tratamentos incluídos en ficheiros do IES**

D./ Dna \_\_\_\_\_,  
 maior de idade, con domicilio na c/ \_\_\_\_\_,  
 nº \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_,  
 código postal \_\_\_\_\_ e con DNI nº \_\_\_\_\_ do que se  
 acompaña fotocopia, por medio do presente escrito manifesta o seu desexo de exercer o seu  
 dereito de cancelación, de conformidade co artigo 16 da Lei Orgánica 15/1999, e os artigos 15  
 e 16 do R.D. 1332/94.

SOLICITA:

1. Que se proceda ao bloqueo dos datos no prazo de dez días desde a recepción desta solicitude, de calquera datos á miña persoa e á miña contorna (esposa/ou e fillos/as) que se atopen nos seus ficheiros ao non existir vinculación xurídica ou disposición legal que xustifique o seu mantemento.
2. Unha vez transcorrido o prazo de prescrición das responsabilidades nadas do tratamento dos datos, que se proceda á supresión dos mesmos, salvo aqueles datos necesarios para posteriores certificados de estudos; e comuníqueme de forma escrita á dirección arriba indicada a súa cancelación efectiva.
3. Que, no caso de que o responsable do ficheiro considere que dita cancelación non procede, comuníqueo igualmente, de forma motivada e dentro do prazo de dez días indicados.

Na Coruña a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**Sr. DIRECTOR DO IES CALVO SOTELO DA CORUÑA**